

18 congreso  
Ourense



26 setembro 2021

# OURENSE SÉCULO XXI: Potencialidades e servizos públicos

Ourense  
camiña

# OPINIONES DE LOS MISMAS ALUMNOS

**Coordinador-Relator:**

César Manuel Fernández Gil.

**Redactoras:**

Ana Belén Vázquez Blanco

María del Carmen Leyte Coello

## OURENSE SÉCULO XXI: Potencialidades e servizos públicos

1 O Partido Popular de Ourense é unha forza política que ten amosado a súa capacidade para dar resposta aos retos que se van presentando na nosa sociedade, mantendo sempre unha clara aposta pola defensa do territorio e dos sinais de identidade propios. Esta capacidade de resposta aos retos de futuro, asentada sobre a permeabilidade social da estrutura política do Partido Popular de Ourense, será a que nos permita deseñar unha oferta de servizos públicos adaptados ás necesidades da sociedade ourensá do século XXI.

2 O Partido Popular de Ourense caracterízase pola súa defensa do territorio a través dunha aposta decidida polo municipalismo. Este municipalismo atopa o seu complemento perfecto na Deputación Provincial, o concello de concellos, sendo esta institución a que coñece as verdadeiras necesidades dos municipios e dos veciños e veciñas, así como a única con capacidade para vertebrar o territorio en liña coa Europa do futuro. Polo tanto, para o Partido Popular de Ourense, a Deputación xoga un papel central coma institución encargada do deseño das liñas e estratexias sobre as que construír o Ourense do século XXI.

3 Neste sentido, non debe perderse de vista que os retos centrais do Ourense do século XXI agrúpanse no deseño de políticas que permitan dar resposta ao reto demográfico, ao cambio climático, ao desenvolvemento rural e ao uso das novas tecnoloxías como solución á prestación de servizos en

territorios altamente dispersos e envellecidos. Polo tanto, a acción política do Partido Popular de Ourense ten que trasladar ás institucións a importancia de modernizar os servizos públicos de xeito que non se perdan de vista estes retos de futuro que, á súa vez, permitirán vertebrar o noso territorio en liña coa Europa do futuro.

4 Para afrontar estes retos de futuro, non debemos perder de vista os sinais de identidade que sempre configuraron o noso ideario político, xa que estes sinais fixeron que o Partido Popular de Ourense se convertera na forza política que mellor representa á sociedade ourensá. Por iso, o Partido popular de Ourense debe seguir baseando a súa acción política nos principios inspiradores que sempre deron sustento ao noso partido. Somos unha forza política centrista, galeguista, municipalista, europeísta e, como non, ourensanista.

5 No contexto actual, non debemos perder de vista o impacto que supuxo a pandemia da COVID-19, algo impensable hai uns anos e que esixe que na articulación dos servizos públicos do Ourense do século XXI teñamos presente todo o aprendido na pandemia. Por iso, dende o Partido popular de Ourense queremos expresar o noso recoñecemento e admiración aos profesionais dos servizos públicos na provincia, dun xeito especial aos traballadores do ámbito sanitario que encararon a pandemia desde a primeira liña ou aos que acompañaron aos

maiores como persoas máis vulnerables na pandemia. Nesta mesma liña, rexeitamos calquera tentación de desprestixio á Sanidade Pública, a Educación Pública e aos Servizos Sociais Públicos, que demostraron estar á vangarda.

**6** Cremos que a boa política económica é a mellor política social e que, en paralelo, unha boa política social e familiar debe traer aparelada unha boa política económica. A creación de emprego e riqueza é a base para que os poderes públicos poidan desenvolver medidas de fomento do benestar racionais, sustentables e de longo prazo. Defendemos unha política orzamentaria que siga dando prioridade aos servizos públicos, de xeito que todas as institucións garantan un financiamento xusto dos mesmos e acorde ao seu custe real.

**7** Tendo presente que o reto demográfico é un dos retos centrais do Ourense do século XXI, os populares de Ourense defendemos que a familia ten que ser a institución esencial da nosa sociedade e asumimos o compromiso de apoiala en todas as súas vertentes. Soster unha sociedade envellecida como a nosa é unha débeda que temos cos nosos maiores, sen esquecer o obxectivo de dar máis oportunidades á mocidade que se abre paso e quere impulsar proxectos familiares e profesionais na nosa terra.

**8** A Deputación coma institución representativa do territorio, e ao tempo, concello dos concellos, debe ser a institución que lidere o reforzo dos servizos públicos aplicando as leccións extraídas na pandemia excepcional que vivimos e velando pola

viabilidade presente e futura do noso Estado de Benestar.

**9** O diálogo permanente coa sociedade forma parte do ADN político do Partido Popular de Ourense, por iso sempre defendemos que o intercambio de opinións e o coñecemento de primeira man das distintas necesidades é fundamental para que as medidas defendidas polo Partido Popular de Ourense en materia de servizos públicos sexan útiles para a sociedade plural que queremos e representamos.

**10** O modelo de sociedade que defende o Partido Popular de Ourense ten como obxectivo o benestar e o desenvolvemento integral de todas as persoas na nosa sociedade, baixo os principios de liberdade, igualdade e xustiza social. Neste sentido, rexeitamos que ningunha política pública poida empregarse para outros intereses, especialmente para o adoutramento ideolóxico. Igualmente, facemos nosa a solidariedade practicada pola maioría dos cidadáns, entre territorios e entre veciños de distintas idades e condicións.

**11** O mundo enteiro está a vivir un proceso histórico de transformacións que se viu acelerado pola pandemia. A provincia de Ourense non é allea a esta sucesión de cambios e debe prepararse para dar resposta de forma áxil e axeitada aos novos desafíos. Neste sentido, os servizos públicos deben completar o proceso de adaptación de espazos xa iniciado coa crise da Covid-19, orientado a crear áreas máis flexibles que permitan as máximas garantías hixiénico-sanitarias. Unha adaptación imprescindible para a construción do Ourense do século XXI.

**12** O Partido Popular de Ourense tamén quere testemuñar a súa solidariedade co enorme sufrimento humano que ten provocado a Covid-19, comezando, por suposto, polas familias das persoas falecidas durante a pandemia e cos afectados pola

enfermidade. En todo caso, a avaliación dos danos provocados polo coronavirus son moi amplos e, por iso, consideramos que toda a sociedade debe empeñarse en detectalos e afrontalos en todas as vertentes.

## Potencialidades a ter en conta na construción do Ourense do século XXI

**13** Para o deseño do Ourense do futuro debemos centrar importantes esforzos en valorizar todo aquilo que nos singulariza e nos distingue doutros territorios, por iso fai falla analizar as nosas potencialidades para desenvolverlas ao máximo. Este proceso de análise das potencialidades partirá sempre do diálogo aberto e sincero coa sociedade ourensá, pois este diálogo é o que fai que o Partido Popular de Ourense sexa o Partido que mellor representa e defende os intereses da veciñanza da provincia.

**14** Entre as nosas potencialidades temos que ter en conta a singularidade patrimonial da nosa provincia. Ourense ten un alto valor termal, ambiental, natural e monumental, o que nos posiciona nun lugar privilexiado como destino atractivo para milleiros de persoas que buscan desfrutar de estancias en entornos con estas características.

**15** No Partido Popular de Ourense apostamos decididamente polo desenvolvemento de todo o noso potencial termal, natural e patrimonial, e cremos que a Deputación debe ser a institución que lidere a construción

do Ourense do século XXI trazando as liñas básicas sobre as que asentar o desenvolvemento destes recursos endóxenos que son, a súa vez, un motor económico fundamental para a nosa provincia.

**16** O potencial termal de Ourense fai que teñamos que aspirar a ser unha potencia internacional neste eido, polo que os populares de Ourense temos claro que apostar polo desenvolvemento do potencial termal de Ourense é un obxectivo irrenunciabile e, nese ámbito, entendemos que a Deputación ten que seguir liderando o desenvolvemento do potencial termal da provincia.

**17** O Partido Popular de Ourense quere reforzar a súa implicación no sector primario, xa que nos atopamos nunha provincia con un importante potencial agrícola, e basta como exemplo ter presente que en Ourense coexisten catro das cinco denominacións de orixe vitivinícolas existentes en Galicia.

**18** As condicións do noso territorio permiten ter un enorme potencial agrogandeiro que debe desenvolverse ao máximo.

**19** O reforzo do sector primario debe exercer coma panca de impulso da economía e complemento perfecto das necesidades derivadas do sector turístico. Ourense ten que ser un destino no que ademais de oferta cultural, termal, patrimonial e natural, o visitante disfrute dunha gastronomía baseada en produtos de proximidade que sexan o resultado dun sector primario pu-xante e dinámico.

**20** Outra das potencialidades da nosa provin-cia radica no impulso do turismo deportivo coma ferramenta de posicionamento de Ourense na escena internacional. Neste sentido, cómpre centrarse en potenciar os instrumentos xa existentes coma o CER-LAC e apostar pola celebración de even-tos deportivos de ámbito internacional.

**21** Non se debe esquecer que Ourense é un territorio creativo e con unha fonda im-pronta cultural. A cultura, e toda a activi-dade económica que se produce entorno a ela, ten que ser unha peza máis do mo-tor que activa a economía provincial. Nes-te sentido, cómpre impulsar os eventos culturais existentes na provincia que teñan unha gran capacidade de atracción de vi-sitantes e, polo tanto, serven tamén como escaparate. Hai que entender a cultura como unha potencialidade moi importante para o desenvolvemento económico e so-cial do territorio contribuindo, ao igual que o resto das potencialidades sinaladas, á fixación de poboación e ao atractivo do desenvolvemento dun proxecto vital fami-liar no rural ourensán.

**22** Como complemento destas potencialida-des, cómpre continuar o desenvolvemento de Ourense coma territorio innovador e como sede de empresas do sector tecnolóxico. Para avanzar neste terreo é neces-ario dunha banda posicionar a Ourense en eventos internacionais do ámbito tec-nolóxico e, doutra banda, potenciar o Par-que Tecnolóxico de Galicia para intentar facilitar a chegada e qu se implanten sec-tores intensivos en tecnoloxía.

**23** Por último, temos que sinalar as poten-cialidades no ámbito das educación e a transferencia de coñecemento. Ourense conta con un campus universitario con ca-pacidade de xerar valor científico e trans-ferencia de coñecemento á sociedade. Ademais, neste ano será unha realidade o centro de innovación da formación pro-fesional, o que permitirá situar a Ourense coma referente no eido da innovación na formación profesional.

## Uns servizos públicos para o Ourense do século XXI

**24** Todas as institucións deben incorporar á xestión pública as leccións extraídas durante a pandemia, especialmente no referente aos novos códigos de organización dos servizos públicos. En clave provincial, entendemos que a anticipación coa que a Deputación de Ourense traballou durante a crise da Covid-19 debe marcar a folia de ruta de todas as administracións presentes no territorio para conseguir unha prestación de servizos públicos adaptados ás novas necesidades da nosa sociedade.

**25** No eido dos servizos públicos, temos que adaptar a prestación dos mesmos ao desenvolvemento das potencialidades que nos permitirán facer fronte aos retos que presenta o Ourense do século XXI. Tendo unha visión clara dos obxectivos a acadar, poderemos definir as estratexias que permitan adaptar a prestación dos servizos públicos á consecución deses obxectivos.

**26** Tendo presente a elevada dispersión po- boacional e o aumento do custe real e efectivo da prestación de servizos que supón esta dispersión, faise imprescindible seguir avanzando cara á prestación conxunta de servizos que permita abaratar os custes dos mesmos a través de economías de escala. Neste sentido, hai que sinalar a importante labor que está a levar a cabo a Deputación de xestión conxunta de importantes servizos públicos para un gran número de concellos da provincia de Ourense.

**27** Esta necesidade de avanzar na prestación conxunta dos servizos fai máis importante se cabe o papel que xoga a Deputación Provincial, por iso, dende o Partido Popular de Ourense defendemos a importancia das deputacións, xa que nunha provincia como a nosa a Deputación é unha peza clave para a cohesión territorial e para posibilitar a prestación efectiva de servizos en todos os recunchos do territorio.

**28** Dentro do amplo abano de servizos que compoñen o concepto “servizo público”, os populares de Ourense defendemos a importancia do papel que xogan a educación, a sanidade e os servizos sociais como elementos definitorios dunha sociedade avanzada que quere afrontar con garantías os retos que se presentan no século XXI.

**29** O mundo enteiro está a vivir un proceso histórico de transformacións que se viu acelerado desde o inicio da pandemia. A provincia de Ourense non é allea a esta sucesión de cambios e debe estar preparada para dar unha resposta, áxil e axeitada, aos novos desafíos que nos afectan como sociedade. Neste contexto o ámbito educativo e formativo é un dos primeiros piares sobre os que podemos actuar para afrontar, con éxito, todos estes retos e convertelos en oportunidades. É a base sobre a que crear, hoxe, o Ourense que queremos para mañá.

**30** A educación debe ser tamén o principal motor que impulsa o dinamismo económi-

co, xa que a través da educación podemos fomentar o espírito emprendedor, a creatividade, e garantir un futuro profesional para a cidadanía, por isto, cómpre seguir dedicando esforzos importantes á Formación Profesional xa que esta é un instrumento estratéxico para o proceso de recuperación económica e social. Porque permite o acceso ás novas profesións, a través dunha formación específica; está orientada cara os coñecementos máis creativos e prácticos, favorecendo o espírito emprendedor; e porque ofrece máis oportunidades laborais e un elevado nivel de empregabilidade, superando nalgúns casos o 92,5%. Neste contexto cómpre sinalar que Ourense vai converterse en referente da Formación Profesional coa posta en marcha, neste mesmo ano, do centro “Eduardo Barreiros” de Innovación na Formación Profesional, un centro impulsado pola Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia e que pode xerar importantes sinerxias cos sectores produtivos da provincia.

**31** Dende o Partido popular de Ourense consideramos que a educación debe transmitir tamén valores, e neste sentido consideramos que valores coma o esforzo, a iniciativa, a capacidade de sacrificio, o recoñecemento ás cousas ben feitas e ao mérito persoal, así como o recoñecemento da excelencia, deben ser o complemento perfecto da calidade a equidade e a inclusión, que son os alicerces sobre os que sustentar o sistema.

**32** Outro elemento a ter en conta para un sistema educativo moderno é o carácter global da sociedade na que vivimos, un contexto no que cobra vital importan-

cia a formación en linguas estranxeiras como ferramenta de comunicación global. E neste sentido hai que reforzar tamén a identidade de noso xa que a nosa lingua conéctanos co ámbito lusófono, pero ademais, a nosa historia e cultura permítenos achegarnos e comprender unha parte importante dos movementos e cambios que se teñen producido a todos os niveis neste contexto global. A creación da Casa da Lusofonía en Ourense marcará un antes e un despois na nosa provincia xa que reforzar os vínculos coa lusofonía supón impulsar a relación económica e social cos países membros da CPLP, abrindo os produtos de Ourense a un mercado de máis de 200 millóns de persoas por todo o mundo.

**33** O Ourense do futuro ten que ser un Ourense cosmopolita e conectado co global, e para iso precísase tamén tomar conciencia do noso, por iso debemos enfocar tamén a educación nos aspectos que centran a nosa convivencia, que son a nosa lingua, a nosa historia e a nosa cultura. Os retos sociais, económicos, éticos e políticos do século XXI precisan dunha sociedade con unha profunda formación humanística, que permita analizar as dinámicas sociais dende unha perspectiva ampla e crítica.

**34** Por último, cómpre tamén apostar por un ensino universitario moderno, con un mapa de titulacións adaptado ás novas demandas sociais e que centre unha parte importante de recursos tamén na investigación, que se ten amosado como un elemento chave da resposta áxil dunha sociedade aos novos retos que impón o futuro. Neste sentido, no Partido Popular de Ourense queremos amosar o noso compromiso co



impulso e a potenciación do Campus Universitario de Ourense.

**35** En definitiva, tendo claro o carácter dinámico do contexto e a importancia da educación para construír o Ourense do século XXI, no Partido Popular de Ourense temos claro que a educación debe ser un terreo prioritario na asignación de recursos por parte das administracións públicas xa que un sistema educativo equitativo, inclusivo, moderno e de calidade é a medida perfecta do noso éxito coma sociedade.

**36** Outro servizo fundamental para a construción dunha sociedade moderna é o da sanidade pública. Neste eido, dende o Partido Popular de Ourense estamos firmemente comprometidos coa defensa e o impulso do servizo público de saúde, e somos conscientes da importancia da existencia dunha atención primaria reforzada e de calidade para dar resposta ás necesidades sanitarias dun territorio de poboación dispersa e envellecida.

**37** Neste contexto de pandemia o papel da sanidade pública tornouse máis importante se cabe, e no imaxinario colectivo reforzouse a idea da necesidade dunha sanidade pública forte e de calidade como servizo básico para mellorar as condicións de vida da veciñanza da provincia.

**38** No Partido Popular de Ourense defendemos que as institucións deben desenvolver, na medida das súas competencias e capacidade financeira, unha política familiar que preste aos fogares todo o apoio necesario para dispoñer de oportunidades e certezas na nosa terra e así dar continuida-

de á transmisión dos valores que cimentan a nosa sociedade. Preocúpanos que desde certas ideoloxías se estea contribuíndo a unha estigmatización da familia e da política familiar como algo “reaccionario”. Ourense debe apoiar sen prexuízos todos os tipos de familia que a cidadanía da nosa provincia decida formar libremente.

**39** Nun contexto de políticas de impulso demográfico, débese apoiar a todas as persoas que queiran ser nais e pais, tamén tendo en conta a aquelas familias que teñen dificultades para conseguilo reforzando os mecanismos de apoio que estean ao noso alcance.

**40** Para reforzar a cohesión da nosa provincia, é necesario tecer un fío entre xeracións. Fronte aos riscos dunha sociedade que, pese a dispoñer de máis facilidades que nunca para conectarse, presenta importantes problemas de illamento e incoñecemento, cómpre facilitar o intercambio de coñecementos, experiencias e visións entre mozos e maiores. Apostamos por iniciativas públicas e privadas que faciliten un contacto do que ambas partes poderán enriquecerse.

**41** O reto demográfico é a principal hipoteca que pesa sobre o futuro de Ourense, ao igual que a maioría das sociedades occidentais. A demografía non é só natalidade, é conciliación, equilibrio territorial, oportunidades para a mocidade, retorno e captación de nova poboación e envellecemento activo, pero naturalmente tamén é natalidade. Neste ámbito, os Populares de Ourense queremos sinalar a importancia de visibilizar que o reto demográfico é unha cuestión

principal no futuro da nosa sociedade, tal e como se fixo dende o goberno da Deputación coa creación dunha área específica de reto demográfico, coa intención de centrar esforzos e implementar políticas que den resposta a este importante reto de futuro.

**42** Para o Partido Popular de Ourense, o reto demográfico significa abordar o reto da conciliación real, efectiva e en condicións de igualdade entre homes e mulleres. Deben deseñarse respostas innovadoras e personalizadas ás dificultades que teñen moitas familias —e especialmente as mulleres— para facer compatible a súa vida familiar e laboral. É imprescindible racionalizar os horarios de traballo para lograr unha xornada máis compacta, ademais de fomentar fórmulas de flexibilidade laboral que durante a pandemia demostraron que funcionan e medidas para a desconexión dixital fóra do horario de traballo. Para lograr avances efectivos que faciliten a conciliación, é necesaria unha colaboración estreita entre os poderes públicos e o tecido empresarial privado. Con esa filosofía, propoñemos que nos vindeiros anos se fomente a instalación de servizos de conciliación nos centros de traballo.

**43** Para o Partido Popular de Ourense, afrontar o reto demográfico significa reforzar a protección de todas as familias, tendo en conta a súa crecente diversidade das mesmas e o respecto á súa configuración. Neste sentido, cómpre sinalar a importancia das familias numerosas na súa contribución á revitalización da poboación, polo que é moi importante apoialas de xeito incondicional. Sen esquecer, por suposto, aos novos tipos de familia que están

gañando peso nos últimos anos, como é o caso das familias monoparentais ou as familias reconstituídas.

**44** Dende o Partido Popular de Ourense recoñecemos o papel protagonista que os nosos mozos teñen na sociedade actual. A mocidade debe ter a posibilidade de trazar o seu propio camiño en liberdade, acceder a un emprego digno que lles permita realizarse como persoas e a unha vida para arraigarse alá onde desexan vivir. Neste sentido, apoiamos totalmente a importancia de programas de axuda ao emprendemento na mocidade do rural como é o caso do plan EMPRENDOU que está a levar a cabo a Deputación de Ourense e que facilita que mozos e mozas da provincia poidan desenvolver o seu proxecto vital no noso territorio.

**45** O Partido Popular de Ourense ten unha traxectoria probada de apoio ás persoas con discapacidade e de colaboración coas entidades que as representan. Aínda así, cómpre seguir avanzando en políticas que permitan facilitar a vida ás persoas con discapacidade, eliminando barreiras, facilitando a súa inclusión laboral e garantindo tamén o seu lecer a través dunha oferta ampla de lecer adaptado, de xeito que todas as persoas con discapacidade poidan acadar todo o seu potencial e realizar o seu propio proxecto de vida.

**46** É unha realidade que a poboación da nosa provincia é unha poboación envellecida, polo que atender ás súas necesidades debe ser necesariamente un dos eixos fundamentais da nosa acción política. A nosa provincia debe valorar na súa xusta medida

as achegas, a experiencia e as ideas das persoas maiores e fomentar a súa participación activa na sociedade. Todas as políticas para os maiores deben ter en conta as preferencias persoais dos maiores.

**47** O Partido Popular de Ourense comprométese a avanzar cara a un novo modelo de coidados de longa duración, personalizado, que se adapte ás necesidades das persoas, e participativo, que teña en conta tanto as necesidades das persoas dependentes como dos seus coidadores.

**48** O Partido Popular de Ourense comprométese a promover a participación activa das persoas maiores na sociedade, xerando novas oportunidades a través da posta en marcha de medidas que favorezan o envellecemento activo, así como a solidariedade e o intercambio xeracional. Grazas ao esforzo de todas as persoas maiores, construíuse o Ourense de hoxe no que nos sentimos orgullosos de vivir e convivir. Ourense e Galicia contan cunha das esperanzas de vida máis altas do mundo e supón que temos moito potencial na participación social das persoas maiores. Dentro desta liña, cómpre fomentar o voluntariado para axudarlles a canalizar a súa vocación de axudar aos demais e impulsar a figura do mentor para que poidan achegar a súa experiencia aos máis novos.

**49** Para os maiores que necesiten recibir atención nos seus fogares, o Partido Popular de Ourense propón reforzar o Servizo de Axuda no Fogar, garantindo a súa sustentabilidade e impulsando a súa expansión, e aproveitar os avances tecnolóxicos para xeneralizar o uso da teleasistencia,

un servizo que na nosa provincia está a prestarse na meirande parte dos concellos de xeito coordinado a través da Deputación provincial.

**50** Queremos potenciar a posibilidade de que os nosos maiores poidan vivir no seu entorno habitual, favorecendo medidas de asistencia e coidado sen que os maiores deban abandonar o entorno vital no que se desenvolveu a súa vida.

**51** É indispensable tamén afrontar o crecente problema da soidade non desexada. Para isto, cómpre avanzar na creación de espazos de *cohousing*, tanto en contornos rurais como en zonas urbanas. Estes pequenos núcleos de convivencia intégraranse no seo do novo modelo de coidados e garantirán a autonomía da vida das persoas, que seguirán vivindo dentro da súa contorna, pero con seguridade, benestar e seguimento profesional.

**52** Para os maiores que precisen ser atendidos nunha residencia, comprometémonos a reformar o modelo actual actuando en tres vectores fundamentais de mellora: a implantación plena da perspectiva socio-sanitaria e a integración de procesos, o reforzo da presenza da tecnoloxía, e un deseño arquitectónico que respecte a intimidade dos usuarios e favoreza unha atención individualizada.

**53** O Partido Popular de Ourense cre no rural como unha parte fundamental do presente e o futuro da nosa Comunidade. A nosa esencia é rural e a pandemia tamén nos demostrou moitas das vantaxes de vivir nestas contornas. Por iso, debemos apostar por po-

líticas que sigan aumentando o seu atractivo para construír proxectos de vida coa mellora constante dos servizos públicos.

**54** Unha vez superadas as urxencias da pandemia, toca retomar o obxectivo estrutural de vivir máis e vivir mellor, todo un desafío nun territorio marcado pola dispersión da súa poboación. Por iso, é preciso que as medidas que se acometan nesta área teñan en conta a perspectiva demográfica da nosa comunidade. O Partido Popular de Ourense entende e atende ás peculiaridades do noso territorio para responder do mellor xeito posible ás necesidades de todos os galegos, vivan onde vivan.

**55** O reto demográfico supón tamén que as familias do rural dispoñan das mesmas facilidades que as que viven nas cidades. Ao igual que traballamos para que o factor económico non condicione o acceso á educación infantil, entendemos que o factor territorial tampouco debe ser causa de desigualdade no acceso ás medidas de conciliación. Por iso, co apoio da Deputación, temos que conseguir que as entidades locais amplíen a cobertura dos servizos “de madrugadores” e das ludotecas, que cumpren un papel indispensable para facilitar a organización das familias fóra do horario lectivo.

**56** A mobilidade é un dereito imprescindible para o desenvolvemento de todos os aspectos da vida das persoas, sobre todo nunha provincia caracterizada por unha importante dispersión xeográfica. A necesaria aposta pola mobilidade debe vir acompañada dun reforzo das infraestruturas para exercer este dereito, co que

tamén se garante o equilibrio entre territorios e a equidade entre cidadáns. Neste sentido os populares ourensáns queremos apostar pola mellora das vías de comunicación na provincia. Cómpre sinalar o importante papel que xoga a Deputación no mantemento das vías de titularidade provincial e na cooperación cos concellos para mellorar as infraestruturas de titularidade municipal. Faise necesario que todas as administracións aposten pola mellora das infraestruturas do rural.

**57** Cómpre seguir aprofundando na redución da fenda dixital, a través da mellora das infraestruturas tecnolóxicas nas zonas rurais, de políticas de alfabetización dixital e de apoio ás familias que aínda non dispoñan de dispositivos con acceso a internet.

**58** Os servizos de saneamento e abastecemento son imprescindibles para garantir a calidade de vida no rural e o coidado ambiental do medio. Por iso cómpre facer un importante esforzo na xestión do ciclo da auga no medio rural con criterios de sustentabilidade e eficiencia. Un proceso no que cobra un papel determinante a Deputación coma administración capaz de coordinar a xestión do ciclo da auga de xeito supramunicipal, prestando unha axuda imprescindible aos concellos na mellora das redes de abastecemento e saneamento, así como de todas as infraestruturas necesarias para unha correcta xestión do ciclo da auga.

**59** A mellor maneira de captar poboación para o rural é crear un ecosistema favorable para a creación de empresas e emprego. Neste sentido, debemos apostar por im-

plantar iniciativas de asesoramento como os Polos de Emprendemento e servizos de orientación e formación laboral adaptados á realidade do territorio, así como o fomento da dixitalización para que as empresas poidan abrir aos mercados globais desde calquera punto da nosa provincia.

**60** Ourense ten un enorme potencial para ser unha referencia internacional no turismo sostible. Así o certifica o noso potencial termal, natural, patrimonial e gastronómico. Sobre a consolidación de Ourense como espazo verde e os fundamentos da denominada “economía azul”, temos unha oportunidade de transformar o noso modelo e converternos nun destino con aínda maior valor engadido. O noso rural non só debe ser un espazo atractivo para vivir, senón tamén para visitar e para seguir mellorando o noso posicionamento internacional. Os populares de Ourense seguiremos traballando para que así sexa potenciando os recursos endóxeos existentes no noso rural.

18 congreso  
Ourense  

26 Setembro 2021

Ourense  
camiña